

## CORRECCIÓNS 1ª ESO AGRUPAMENTO: SEGUNDA SEMANA.

### 2ª SESIÓN Lectura da unidade 6

Exercicios 5,6,7 e 9

5. A primeira patente do invento de dona Angelita é de 1949. Ángela Ruíz Robles visionou a era dos encerados dixitais con varias décadas de antelación. O neto afirmou que unha das grandes obsesións da súa avoa era “pasar dunha educación baseada na memorística a outra máis interactiva e estimulante”. A segunda parte do libro funcionaba con bobinas para os diferentes temas así que podían ser engadidos novos contidos. Dona Angelita non vendeu a patente xa que desexaba que o seu invento fose de proveito para os/as estudantes galegos/as.

6. Por que o intento de Ángela Ruiz non chegou a converterse nun libro electrónico? Porque na época carecían dos materiais apropiados.

Por que resultaba tan importante para a inventora o seu libro? Porque dona Angelita tiña unha forte vocación pedagóxica, ansiaba a renovación das metodoloxías docentes e quería contribuír ao beneficio da súa comunidade.

Por que cres que non chegou a ser coñecido na súa época? Resposta aberta. Pode apuntarse que un dos motivos polos que o invento de dona Angelita non transcendeu malia ter espertado enorme interese na época foi que se trataba do invento da mestra dunha escola obreira.

7. Dona Angelita compaxinou a docencia coa invención nun tempo en que a igualdade entre homes e mulleres era practicamente inexistente.

**9. María Nicolasa Paula Barbeito Cerviño**, nada na [Coruña](#) o [2 de marzo](#) de [1880](#) e finada na mesma cidade o [20 de novembro](#) de [1970](#), foi unha [pedagoga](#) escritora, tradutora, lingüista, publicista, conferenciante e [profesora](#) galega.

**Olimpia Valencia López**, nada en [Baltar](#) o [14 de decembro](#) de [1898](#) e finada en [Vigo](#) o [10 de xullo](#) de [1987](#), foi a primeira galega titulada en Medicina en Galicia. Foi especialista en [xinecoloxía](#).

**Pepa a Loba** é unha figura [mítica](#) de Galicia é unha figura [lendaria](#) de [bandoleira](#) galega de finais do [século XIX](#), que, segundo a lenda, acadou a súa fama asaltando camiños e roubando a [caciques](#) e [cregos](#).

**Maruxa Mallo**, tamén citada como **Maruja Mallo**, era o pseudónimo de **Ana María Gómez González**, nada en [Viveiro](#) o [5 de xaneiro](#) de [1902](#) e finada en [Madrid](#) o [6 de febreiro](#) de [1995](#), foi unha pintora [surrealista](#) galega.

**Dona Urraca**, nada en [Burgos](#) contra [1081](#) e finada en [Saldaña de Burgos](#) o [8 de marzo](#) de [1126](#), foi raíña de [Galicia](#), [León](#), [Castela](#) e [Toledo](#) desde a morte do pai, o [30 de xuño](#) de [1109](#), até o [8 de marzo](#) de [1126](#). Era filla de [Afonso VI](#) e da súa terceira dona [Constanza de Borgoña](#).

### 3ª SESIÓN

Páxina 103: exercicio 1

Resposta aberta. Trátase de escribir una historia.

Páxina 104. Exercicios 1,2,3 e 4

Páxina 104 1. Imaxe 1 (primavera): arco da vella; ceo; nube.

Imaxe 2 (verán): ceo; sol.

Imaxe 3 (outono): ceo; chuvia; vento.

Imaxe 4 (inverno): ceo; neve.

2. Estrelado; despexado; húmido; glacial; tépedo.

3. Orballo: poalla; chuisca. Néboa: brétema; neboeiro. Folerpa: galopa; farrapo.

4. Chover miudiño – Caer pouca auga.

Estar como un pito – Estar moi mollado/a.

Chover a cachón – Chover intensamente.

Chover na cabeza – Estar tolo/a.

4ª SESIÓN .Páxina 108: 1,2,3,4 e 5

1. Che: pronome persoal átono (2.ª persoa); me: pronome persoal átono (1.ª persoa); me: pronome persoal átono (1.ª persoa); ti: pronome persoal tónico (2.ª persoa); me (matarme): pronome persoal átono (1.ª persoa); che: pronome persoal átono (2.ª persoa); ti: pronome persoal tónico (2.ª persoa); eu: pronome persoal átono (1.ª persoa); a (que a fomos): pronome persoal átono (3.ª persoa); eu: pronome persoal tónico (1.ª persoa); a (que a matou): pronome persoal átono (3.ª persoa); lle: pronome persoal átono (3.ª persoa); ela: pronome persoal tónico (3.ª persoa); a (quen a matou): pronome persoal átono (3.ª persoa); mo: contracción de pronome persoal átono me (1.ª persoa) + pronome persoal átono o (3.ª persoa).

2. Sábeche ben así ou bótolle máis azucre? (Hai un erro no enunciado; aparece azúcar no canto da voz normativa azucre). O helicóptero deixounos no cumio da montaña.

Xa marcharon, mais deixáronvos unha nota. Víchela hoxe? A profesora utilizouno para corrixilos.

3. Asegúroche que foi así! Non te vía desde había bastante tempo. Penso que xa che comuniquei o resultado. Quen che dera! Quérote moito, miña rula. (Cómpre ter en conta que o verbo querer co significado de 'amar, ter afecto' pode construírse con te ou con che, tendo distribución dialectal).

4. Solucionéillelo. Cominllas. Subímosllelas. Entregáronlla. Xa llo dei.

5. Non chas quero. Os mecánicos gardáronvolas no garaxe. Deixoumos onde lle mandei. Xa nolos trouxeron. Facilitároncho moito.